



BASES REITORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE NO OBRADOIRO DE EMPREGO "COIDANDO MIÑOR II" SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCION DO EMPREGO E IGUALDADE AO ABEIRO DA ORDE DE 21 DE FEBREIRO DE 2022¹

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do alumnado-traballador participante no proxecto de obradoiro de emprego denominado "COIDANDO MIÑOR II", promovido polos Concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán como agrupación de concellos mediante acordo de data 15 de marzo de 2022, figurando o concello de Gondomar como Cabeceira e responsable administrativo, en adiante Entidade Promotora, e subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de conformidade co previsto na propia Orde reguladora do 21 de febreiro de 2022 e na Instrución de data 26/04/2022 da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. PRAZAS A CUBRIR

Convócanse 10 prazas de alumnos/as traballadores/as para a especialidade de Limpeza de nivel 1 e 10 prazas de alumnos/as traballadores/as para a especialidade de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio e dependentes en institucións de nivel 2

3. ENTIDADE CONTRATANTE

Concello de Gondomar.

4. RELACIÓN XURÍDICA DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA

Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, as persoas seleccionadas nas prazas de alumnado-traballador serán contratadas pola entidade promotora (Concello de Gondomar) mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

Os contratos de traballo serán a xornada completa e cunha duración de doce meses (non poderán exceder en ningún caso a data de remate do obradoiro de emprego).


A relación laboral rexerese polo disposto no artigo 11 h) do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores na súa nova redacción dada polo Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urgentes para a reforma laboral, la garantía de la estabilidad en el empleo y la transformación del mercado de trabajo. (BOE n.º 313 de 30.12.2021)

Como referencia, o alumnado-traballador percibirá, como salario bruto mensual, o Salario Mínimo interprofesional anualmente establecido.

5. OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados ou unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.

¹ Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (Publicación no DOG, nº 22, do 3 de febreiro de 2021).





6. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

6.1. Requisitos xerais:

- Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.
- Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

6.2. Requisitos específicos:

- Ter 18 ou mais anos de idade.
- Estar desempregado/a, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada y estean dispoñibles para o emprego.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia , co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores na súa nova redacción dada polo Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reforma laboral, la garantía de la estabilidad en el empleo y la transformación del mercado de trabajo. (BOE n.º 313 de 30.12.2021)
- Dado que a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de niveis 1 e 2, as persoas candidatas deberán cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados, e en concreto, algún dos seguintes:

Para o Nivel 1

- Sen nivel académico previo.

Para o Nivel 2

- Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel 2.
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio ou ter superado as probas de acceso a grao medio reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á Universidade para maiores de 25 e/o 45 anos.
- Ter competencias clave necesarias para cursar con aproveitamento a formación correspondente aos certificados “ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO”, e “ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN S” (ANEXO IV do R.D 34/2008).

6.3. Causas de exclusión:

- ✓ Incumprir os requisitos mínimos.
- ✓ Falta de documentación acreditativa.
- ✓ Falsear os datos da solicitude (cuestionario).
- ✓ A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
- ✓ Estar en posesión dalgún dos certificados de profesionalidade que se van a impartir no Obradoiro de Emprego.





- ✓ Non pusuír a capacitación física e/ou psíquica necesaria para o desenvolvemento das tarefas, tanto teóricas como prácticas, que constitúen o presente proxecto.

7. INICIACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN. SISTEMA DE ADMISIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS

O sistema de admisión de candidatos/as será o de oferta de emprego, tramitada na oficina de emprego correspondente ao domicilio da CONCELLO DE GONDOMAR mediante os modelos normalizados correspondentes.

O proceso selectivo iniciarase coa presentación de oferta de emprego por parte da entidade promotora (Concello de Gondomar) ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, que se tramitará a partir da aprobación destas bases.

O número de candidatos solicitados será de 3 por posto, o que fai un total de SESENTA (60) candidatos, que deberán cumprir cos requisitos establecidos na base sexta destas bases.

O ámbito xeográfico da sondaxe será o correspondente aos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán. Só no caso de non atoparse candidatos suficientes neste ámbito territorial, ampliarase a sondaxe cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Realizada a sondaxe por parte da oficina de emprego, esta comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo na que deberán presentar no CONCELLO DE GONDOMAR unha SOLICITUDE (que se inclúe como ANEXO I destas bases), xunto coa que deberán achegar **imprescindiblemente** a documentación necesaria que acredite o cumprimento dos requisitos necesarios establecidos na base sexta e aquela outra que xustifique os criterios que se valoren na fase de baremación (ver ANEXO II Baremo de avaliación), e en concreto, os seguintes:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida Laboral actualizada (de non ter experiencia laboral, pedirá o informe da situación actual do/a traballador/a).
- Acreditación da maior titulación académica adquirida.
- Se é o caso, acreditación das competencias clave adquiridas.
- Se é o caso, acreditación do seu grao e tipo de discapacidade.

Serán motivos de exclusión do proceso de selección:

- A non presentación na hora e lugar indicados.
- Non cubrir ou non entregar a SOLICITUDE de participación.
- Non presentar a documentación requirida.

As persoas aspirantes que, por causas xustificadas, non entreguen dita documentación na reunión convocada polo Concello de Gondomar, no Rexistro Xeral ou na Sede Electrónica Municipal, deberán comunicalo mediante correo electrónico (emprego@concellodegondomar.gal) no mesmo día da súa presentación, que deberá estar sempre dentro do prazo de presentación, co fin de axilizar o citado proceso de selección. Nesta comunicación deberá remitirse a totalidade da documentación presentada e o xustificante de envío en tempo e forma. Este trámite é obrigatorio e excluínte.

Para resolver e atender calquera dúbida, o día ou días da presentación de solicitudes e recollida de documentación estará presente, polo menos, un integrante do Tribunal de selección que se nomee para este procedemento.

Comprobados os requisitos, a **lista de candidatos/as** que pasan á fase de proba oral e baremación exporase no taboleiro do Concello de Gondomar e da oficina de emprego encargada da sondaxe, ademais de na Sede Electrónica do Concello de Gondomar. Indicarase, igualmente, o lugar, data e hora na que se convocarán para a proba de selección correspondente. Nesta relación, figurará tamén o día que se concede para formular alegacións á aceptación/exclusión no proceso, e a data de exposición da relación definitiva de candidatos/as.





As persoas aspirantes que non presenten as alegacións nin no Rexistro Xeral nin na Sede Electrónica Municipal do Concello de Gondomar, deberán comunicalo mediante correo electrónico (emprego@concellodegondomar.gal) no mesmo día da súa presentación, que deberá estar sempre dentro do prazo de presentación, co fin de axilizar o citado proceso de selección. Nesta comunicación deberá remitirse a totalidade da documentación presentada e o xustificante de envío en tempo e forma. Este trámite é obrigatorio e excluínte.

Por outra banda, se, unha vez avaliadas as solicitudes e comprobados os requisitos, quedan menos de dúas persoas por praza, o Tribunal de selección poderá solicitar novos/as candidatos/as á oficina de emprego para contar con dúas persoas por praza nesta fase de proba oral, co fin de garantir a correcta selección dos/as participantes.

As bases que regulan o proceso selectivo e toda a documentación informativa que se elabore con respecto a esta convocatoria estarán expostas no taboleiro do Concello de Gondomar e da oficina de emprego encargada da sondaxe, ademais de na Sede Electrónica do Concello de Gondomar.

8. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección axustase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrado por catro membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e dous vogais, e quedará integrado polas persoas que designe o Alcalde.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será fundamentalmente técnica e os seus membros deberán estar en posesión de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas. Así mesmo, poderán ser designados membros suplentes do Tribunal de selección, cos mesmos requisitos.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal encargarase da elección dos candidatos e candidatas mellor valorados e coordinará o desenvolvemento de todo o proceso de selección. Igualmente, queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

9. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

9.1. Sistema de selección

O sistema de selección constará de dúas fases:

- Proba oral.
- Fase de baremación.

Como se establece na base sétima, pasarán á fase de os/as candidatos/as, enviados pola oficina de emprego, que presenten a solicitude e cumpran cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.

A proba oral, que deberá facerse con anterioridade á baremación dos criterios obxectivos, consistirá na formulación dunha batería de preguntas técnicas, aprobadas previamente polo tribunal co obxecto de avaliar o interese dos desempregados/as en participar no proxecto e as súas aptitudes, actitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desenvolver.





Terá un valor máximo de **10 puntos** que representará o 50% da nota.

As puntuacións da fase de exporase nos taboleiros de anuncios exporase no taboleiro do Concello de Gondomar e da oficina de emprego encargada da sondaxe, ademais na Sede Electrónica do Concello de Gondomar.

A fase de baremación consistirá nunha avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, presentados a proba oral e que permanezan no proceso de selección, por medio dun baremo obxectivo (que se inclúe como ANEXO II destas bases).

A puntuación máxima desta fase será de **10 puntos** que representará o 50% da nota.

A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión do tribunal de selección. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo que se exporá no taboleiro do Concello de Gondomar e da oficina de emprego encargada da sondaxe, ademais de na Sede Electrónica do Concello de Gondomar. Nesta relación figurará o día que se concede para formular alegacións á valoración segundo o baremo e a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

As persoas aspirantes que non presenten as alegacións nin no Rexistro Xeral nin na Sede Electrónica Municipal do Concello de Gondomar, deberán comunicalo mediante correo electrónico (emprego@concellodegondomar.gal) no mesmo día da súa presentación, que deberá estar sempre dentro do prazo de presentación, co fin de axilizar o citado proceso de selección. Nesta comunicación deberá remitirse a totalidade da documentación presentada e o xustificante de envío en tempo e forma. Este trámite é obrigatorio e excluínte.

9.2. Puntuación final das persoas candidatas

O tribunal de selección, unha vez rematadas as fases de selección descritas no anterior apartado, establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas (tendo en conta que a puntuación máxima será de 10 puntos que e virá dada pola suma dos puntos acadados en cada fase e a súa cualificación en base ás seguintes posibilidades: titular da especialidade, suplente, non seleccionado, non presentado.

Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.

A listaxe de admitidos/as para participar no obradoiro de emprego como traballadores beneficiarios do proxecto, exporase no taboleiro do Concello de Gondomar e da oficina de emprego encargada da sondaxe, ademais de na Sede Electrónica do Concello de Gondomar.

9.3. Criterios para dirimir posibles empates

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas candidatas, seguiranse os seguintes criterios, segundo a orde que se establece de seguido:


- Menor experiencia laboral da persoa candidata.
- Maior idade da persoa candidata.
- Menor nivel académico da persoa candidata.

9.4. Lista de reserva

A lista de reserva estará integrada polas persoas candidatas que se presentasen ao proceso de selección e que nas cualificacións finais figuren como SUPLENTE, ordenadas segundo a puntuación final e os criterios establecidos no anterior apartado.

Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederá a iniciar un novo procedemento selectivo.





10.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS:

De conformidade co previsto polo artigo 14.2 da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG nº 46 do 8 de marzo de 2022), non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

O Tribunal de Selección será o encargado de resolver as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección establecido nestas bases, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.





ANEXO I

SOLICITUDE-CUESTIONARIO DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO- TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO "COIDANDO MIÑOR II"

DATOS IDENTIFICATIVOS DO/A CANDIDATO/A

Nome e apelidos			
DNI			
Data nacemento		Idade	
Enderezo			
Concello		CP	
Teléfono fixo		Teléfono móbil	
Correo electrónico			

FORMACION ACADÉMICA. Indica a titulación que posúe na actualidade:

Certificado de estudos primarios Graduado escolar ESO sen aprobar

Graduado en ESO FP1 ou Ciclo medio de
.....

BUP COU Bacharelato

FP2 ou Ciclo superior de
.....

Proba de acceso CM Proba de acceso CS

Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos

Diplomado Licenciado Grao

Realiza estudos na actualidade? NON SI Cales?
.....

Posúe **COMPETENCIAS CLAVE** establecidas para os Certificados de Profesionalidade?:

NON SI Cales?

NIVEL DE LINGUA GALEGA:

Celga 2 Celga 3 Celga 4 Iniciación Perfeccionamento

Foi **alumno-traballador** dalgunha Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego?

NON SI. Neste caso:

Escola/Obradoiro : _____





Especialidade: _____ Ano de realización: _____

CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL REALIZADOS (Inem, Xunta Galicia,...).

Curso..... Duración meses. Ano realización

Curso..... Duración meses. Ano realización

POR QUE LLE INTERESA E QUE ESPERA OBTEN PARTICIPANDO NESTE PROXECTO ?

.....
.....
.....

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacione os distintos traballos realizados:

.....
.....
.....

ASINOU NALGÚN MOMENTO ALGÚN CONTRATO DE APRENDIZAXE-FORMACIÓN?

NON SI.

PERCIBE PRESTACIÓN OU SUBSIDIO DE DESEMPREGO?

NON SI.

PERCIBE ALGÚN OUTRO TIPO DE AXUDA ECONÓMICA (RAI, RISGA, etc.)?

NON SI.

POSÚE VOSTEDE ALGUNHA DISCAPACIDADE?

NON SI. (neste caso terá que acreditarlo)

FOI VOSTEDE EXPULSADO/A DALGÚN OBRADOIRO DE EMPREGO?

NON SI.

POSÚE VOSTEDE ALGÚN PROBLEMA QUE LLE IMPIDA DESENVOLVER O TRABALLO CON NORMALIDADE?

NON SI. Indicar: _____

Declaro baixo a miña responsabilidade que tódolos datos anteriores son certos e

SOLICITO ser admitido/a no proceso de selección do alumnado-traballador participante no **OBRADOIRO DE EMPREGO "COIDANDO MIÑOR II"** para o que fun convocado a través da oficina de emprego, deixando constancia expresa de que **non teño impedimento de ningún tipo para participar neste proxecto.**

RENUNCIO a participar no proceso selectivo para o que fun convocado.

Gondomar, dede 2022

Sinatura:

Concello de Gondomar
Praza Doutor Latino Salgueiro,s/n.





ANEXO II

BAREMO DE AVALIACIÓN DE CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E PROFESIONAIS SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR OBRADOIRO DE EMPREGO "COIDANDO MIÑOR"

CRITERIOS		PUNTOS
✓ MULLERES EN XERAL		1
✓ IDADE (45 anos ou mais)		0,5
✓ NON TER PARTICIPADO ANTERIORMENTE NOUTRO PROGRAMA MIXTO DE FORMACIÓN E EMPREGO	obradoiro de emprego, escola obradoiro, casa de oficios, etc.	3
✓ DISCAPACIDADE	Minusvalía \geq 33% (sempre que poidan realizar os traballos)	0,5
✓ ANTIGÜIDADE DE INSCRIPCIÓN NA OFICINA DE EMPREGO	Máis de 12 meses	0,5
✓ PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN	Perceptores Risga. Emigrantes retornados. Mulleres vítimas de violencia de xénero	2
✓ FORMACIÓN ACADÉMICA	Baixa (que non posúan un carné profesional certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de FP). Ata graduado en ESO.	2,5
	Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2, FP ciclo medio ou Bacharelato).	1,5
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria).	1

De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente

